



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE DECEMBRO DE 2018

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á modificación da zona de residentes de Pelamios-Vista Alegre.** Acórdase incluír á veciñanza residente no edificio sito na avenida de Castelao 48-50-52-54, na zona de residentes 8 Pelamios-Vista Alegre. O aparcamento destes residentes levarase a cabo nas seguintes rúas e coas seguintes condicións:

\_Na rúa de Santa Comba e no lateral do parque de San Xoán permitírase o aparcamento libre durante o día, reservándose o aparcamento para os residentes zona 8 desde as 21.00 ata as 9.00 horas.

\_A rúa Bispo Diego Peláez e a rúa de San Xoán será zona reservada para residentes durante as 24 horas.

**3.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de exencións no IBI.** Apróbbase a proposta.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativas ao rexeitamento dun recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 4.5.18, no imposto sobre o aumento do valor de terreos de natureza urbana.** Apróbbase a proposta.

### URXENCIAS

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do contrato do servizo da liña de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o centro de Santiago de Compostela coa Peregrina e con extensións a Ponte Alvar.** Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Autos Carballo SLU polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. A prórroga non supón un incremento de custos no ano 2019 xa que os importes xerados durante a prórroga liquidaranse no ano 2020 tal e como establece o prego de condicións e se ven realizando durante toda a vixencia do contrato.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do contrato do servizo da liña de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o centro de Santiago de Compostela con Reborido (Vilvestro).** Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Hermanos Ferrín SL polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. A prórroga non supón un incremento de custos no ano 2019 xa que os importes xerados durante a prórroga liquidaranse no ano 2020 tal e como establece o prego de condicións e se ven realizando durante toda a vixencia do contrato.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á prórroga do contrato do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que comunica o Polígono do Tambre e a rúa da Rosa e viceversa.** Acórdase prorrogar o contrato asinado con Autos Grabanxa SL polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. A prórroga non supón un incremento de custos no ano 2019 xa que os importes xerados durante a prórroga liquidaranse no ano 2020 tal e como establece o prego de condicións e se ven realizando durante toda a vixencia do contrato.

**4.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao pagamento anticipado das subvencións de cooperación ao desenvolvemento. Ano 2018.** Apróbase a proposta.

**5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de suministro e implantación dunha ampliación da infraestrutura de servidores para a solución da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.** Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 190.000 euros, IVE incluído. Desda cantidade, 152.000 euros procederán de fondos europeos vinculados á EDUSI.

**6.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á contratación do acordo de licenciamento do “ELA Small Government ESRI” para o Concello de Santiago de Compostela.** Acórdase subscribir o acordo de licenciamento do “ELA Small Government ESRI” para o Concello de Santiago de Compostela coa empresa ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES SL, única distribuidora autorizada en España dos produtos propiedade de ESRI, por un importe de 90.750 euros, IVE incluído, e por un período de tres anos.

**7.-Xustificación de convenios e subvencións.** Apróbase a proposta

**8.-Devolución de fianzas.** Apróbase a proposta

**9.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da liquidación do Programa Municipal de Conciliación de Semana Santa 2018.** Apróbase a proposta.

**10.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á adxudicación do contrato das obras de ampliación do patio e dotación de parque infantil no colexio Quiroga Palacios.** Adxudícase o contrato a favor da empresa Zona de Obra O Rosal SLU, por un importe de 61.009,36 euros, IVE incluído.

**11.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais para as obras de mantemento e mellora das instalacións do Refuxio de Animais de Bando.** Dáse conta da sinatura do convenio, polo que o Concello achegará 60.498,97 euros para financiar as obras de reparación do Refuxio de Bando.